

## **GALEGOS NA RESISTENCIA FRANCESA**

---

**José Enrique Benlloch Castiñeira**

### **Resumen**

A Guerra Civil foi un preludio da II Guerra Mundial en diversos aspectos, sendo un dos destacados a participación de combatentes antifascistas españois na Francia invadida polos nazis. Neste artigo veremos como se estrutura o estudo das forzas da Resistencia e coñeceremos os nomes propios, a traxectoria e as condecoracións -ou as faltas de recoñecemento- dunha trintena de galegos de diversas adscricións ideolóxicas, como anarquistas e comunistas, quen no marco das forzas francesas loitaron -moitos até dar a vida, frecuentemente nos campos de exterminio nazi- contra a ocupación alemá, tanto no Hexágono como no norte da África colonial. Cuantificaremos por categorías oficiais. Compararemos o mapa da represión en terras galegas coas orixes xeográficas dos guerrilleiros en Francia e analizaremos as idades destes. Aproximarémonos tamén ao papel das mulleres como maquis e finalmente aportaremos todas as fontes posibles para que se poida avanzar no coñecemento de paisanos nosos que foron protagonistas case anónimos da historia do noso continente.

## Resumé

La guerre civile espagnole a été un prélude à la Seconde Guerre mondiale à bien des égards, l'un des plus remarquables étant la participation des combattants antifascistes espagnols à la France envahie par les nazis. Dans cet article, on verra comment est structurée l'étude des forces de la Résistance et on évoquera les noms, les traits et les décorations - ou l'absence de décorations - d'une trentaine de Galiciens issus de différents horizons idéologiques différents, tels que les anarchistes et les communistes, qui, au sein des forces françaises, ont lutté - jusqu'au sacrifice de leur vie, souvent dans les camps de la mort nazis - contre l'occupation allemande, tant dans l'Hexagone qu'en l'Afrique du Nord coloniale. On les classera par catégorie officielle. On comparera la carte de la répression en Galice avec les origines géographiques des guérilleros en France et on analysera leurs âges. On examinera également le rôle des femmes dans les maquis et, enfin, on fournira toutes les sources possibles afin de progresser dans la reconnaissance de nos compatriotes qui ont été des protagonistes presque anonymes de l'histoire de notre continent.

## Abstract

The Spanish Civil War was a prelude to the Second World War in many ways, one of the most notable being the participation of Spanish anti-fascist fighters in Nazi-invaded France. This article looks at how the study of the Resistance forces is structured and discusses the names, features and decorations - or lack of them - of around thirty Galicians from different ideological backgrounds, such as anarchists and communists, who, as part of the French forces, fought - to the point of sacrificing their lives, often in Nazi death camps - against the German occupation, both in mainland France and in the North African colonies. We will classify them by official category. The map of repression in Galicia will be compared with the geographical origins of the guerrilleros in France, and the ages of the fighters will be analysed. The role of women in the maquis will also be examined and, finally, all possible sources will be provided in order to enable progress in the recognition of these compatriots of ours who were almost anonymous protagonists in the history of the continent.

## Palabras clave

Francia, Resistencia, II Guerra Mundial, Guerra Civil Española, nazis, militares galegos, guerrilleiros galegos, represión fascista.

## Mots-clés

France, Résistance, Seconde Guerre mondiale, Guerre civile espagnole, nazis, militaires galiciens, guérilleros galiciens, répression fasciste.

## Keywords

France, Resistance, World War II, Spanish Civil War, Nazis, Galician military men, Galician guerrilla fighters, fascist repression.

## 1. Introducción

Ao estourar a Guerra Civil, en canto os exércitos da Alemaña de Hitler e da Italia de Mussolini colaboraban activamente coa sublevación contra a II República, outros países europeos encabezados por Inglaterra e Francia desentendéronse -como pouco- do destino da xove democracia española, facilitando así que se consolidase o proxecto fascista en Europa, ao tempo que o goberno dos EEUU se declaraba totalmente neutral<sup>1</sup>.

*Éme absolutamente imposible reconocer nada de sinceridade na pose de neutralidade dos británicos, dadas as miñas frecuentes conversacións co embaixador británico [H. G. Chilton] acó. Todas as accións que tomou polo momento, como apuntei de cando en vez, foron transparentemente destinadas a paralizar o goberno e servir aos insurxentes. O pacto de non intervención foi o primeiro paso. Inglaterra e Francia de inmediato, e sen agardar a acción de Alemaña, Italia e Portugal, cortaron todo o abastecemento a España. Isto imposibilitou que o goberno mercase material*

<sup>1</sup> Office of the Historian, goberno dos Estados Unidos. Vid <https://history.state.gov/historicaldocuments/frus1937v01/d125> [11-08-2024]

*bélico co que defender a República. Mentres tanto, Alemaña e Italia estiveron constantemente ateigando o bando de Franco de material de guerra.*

[...] *O embaixador británico [...] dixo[me]: “Espero que envíen alemáns abondos para acabaren a guerra.”*

Claude G. Bowers, embaixador dos EEUU en España, 12-01-1937.<sup>2</sup>

*Sabíamos ya que era difícil ganar la guerra porque veíamos a los alemanes constantemente volando sobre nosotros y tenían muchos tanques. Nosotros no salíamos de las trincheras, teníamos algunos fusiles y un mortero o dos pero no paramos de luchar. Luchamos todo el tiempo. Hasta el final.*

Victor Lantes, militar galego que após loitar na Guerra Civil participaría na liberación de París<sup>3</sup>, da que este agosto se celebrou o 80º aniversario.

Alén desa encrucillada no contexto internacional, deuse o drama humano, frecuentemente individual, da fuxida, quer durante a guerra española quer ao final da contenda. Moitos republicanos e republicanas escaparon da morte para unha Francia que os tratou mal desde o primeiro momento.

*Pasé la frontera derribando antes tres ambulancias sanitarias nuevas. Durante la guerra las conducía para salvar los heridos del frente. Recibí la orden de evacuar a los heridos de las Brigadas Internacionales, de pueblo en pueblo, hasta La Junquera. Allí nos esperaban los «amables» gendarmes y guardias móviles. «Allez! Allez! Hop!». Nos trataban como a borregos.*

Soledad Alcón, resistente española.<sup>4</sup>

Sobreviviron os e as que puideron, milleiros encerrados nos campos de concentración galos en condicións infrahumanas.

---

2 Ídem supra. Tradución do autor do orixinal en inglés.

3 Mesquida, 2008: 254.

4 Català i Pallejà, 2000: 68, onde é presentada como esposa do resistente Frierio de Nimes. NB. A obra orixinal non data de 2000 senón de 1984.

*Resistíramos tres anos ao fascismo en condicións de extrema inferioridade e estábamos tristes e derrotados, pero resultábanos especialmente humillante para a nosa dignidade ver como tiña calado no extranxeiro a propaganda franquista que nos presentaba como unha banda de facinerosos.*

Felipe Noguerol, militar galego que permaneceu fiel á República.<sup>5</sup>

Porén, pouco despois a Alemaña nazi invadía o país e comezaba a longa loita da Resistencia na II Guerra Mundial. Misión -as voltas que dá a historia- na que tomarían parte<sup>6</sup> moitos deses homes e mulleres a quen Francia desprezara. Incluídos os cinco españois citados neste apartado introdutorio.

*El coronel Dronne decía que éramos diferentes a los demás porque nosotros luchábamos por un ideal y era la verdad. Nuestro ideal era la libertad, no era una bandera. Nosotros fuimos voluntarios para defender la libertad, eso que Franco nos retiró, y siempre con la mira de decir: esto nos llevará a atravesar los Pirineos y traer la libertad a España.*

Manuel Fernández, condecorado combatente na vangarda da liberación de París coa División Leclerc.<sup>7</sup>

*Los españoles aportaron a todos los niveles. Primero, su experiencia de combate y su preparación militar y política. Todo lo que hacía de ellos luchadores diferentes de los demás, más politizados, más enérgicos y más combativos.*

*[...] Poco después, sin embargo, tras la derrota alemana y la liberación de Francia, apareció enseguida la voluntad de afrancesar o nacionalizar la*

5 Barrera Beitia e González Mauriz, 2007: 49.

6 Alted, 2005: 409.

7 Vid [https://es.wikipedia.org/wiki/Manuel\\_Fern%C3%A1ndez\\_Arias](https://es.wikipedia.org/wiki/Manuel_Fern%C3%A1ndez_Arias) [19-06-2024] Nacido en Marentes, cuxa parroquia eclesíastica, do lado asturiano e coa igrexa parroquial a cen metros do actual límite provincial de Lugo, está dividida en dúas freguesías civís, ficando cada unha en diferentes concellos (Negueira de Muñiz e Ibias) e comunidades autónomas (respectivamente a galega e a asturiana) segundo as delimitacións administrativas actuais. Vid [https://gl.wikipedia.org/wiki/Marentes,\\_Ibias](https://gl.wikipedia.org/wiki/Marentes,_Ibias) [19-06-2024]

*lucha de esos hombres, tanto la de los que lucharon en los ejércitos aliados como en la Resistencia.*

Jorge Semprún, escritor, intelectual e político francoespañol.<sup>8</sup>

*Os españois ensináronnos a nós, mozos, tenros e inxenuos, non só as regras implacables da guerrilla, mais tamén e sobre todo, a feroz solidariedade dos pobos en revolta.*

Jean-Pierre Chabrol, escritor, brigadista e resistente dos FTPF<sup>9</sup>

A partir de cantas fontes dispersas demos recadado aquí tentaremos facer un modesto reconto dos galegos que participaron naquela sacrificada empresa, subliñando co signo ■ aqueles de quen sabemos algo máis que o nome e o lugar de nacemento. Exporemos as fontes, tanto oficiais como non, que fan accesibles anacos -de cote minúsculos- de historias vitais que debiamos coñecer mellor.



Centre d'Histoire de la Résistance et de la Déportation en Ariège  
(Varilhes, Francia). Foto do autor.

8 Mesquida, 2008: 8. Semprún foi das forzas combatentes contra os nazis e deportado a campo de concentración, daí que estea oficialmente recoñecido como FFC e como DIR.

9 Tradución do autor da cita orixinal en francés en Sánchez Agustí, 2011: 21.

## 2. A composición xeral da Resistencia

O Servizo Histórico da Defensa<sup>10</sup> (SHD) do Ministerio da Defensa conserva os arquivos militares franceses. A antiga oficina da Resistencia<sup>11</sup>, encargada da validación dos servizos militares na loita contra o Eixo, elaborou unha subserie documental específica<sup>12</sup> relativa a persoas cuxos servizos foron aprobados, ou non, como parte das Forzas Francesas Libres<sup>13</sup> (FFL) ou dos combatentes do interior, divididos estes últimos pola súa vez entre as Forzas Francesas do Interior<sup>14</sup> (FFI), as Forzas Francesas Combatentes<sup>15</sup> (FFC) e a Resistencia Interior Francesa<sup>16</sup> (RIF). Outro conxunto adicional é o dos Deportados e Internados da Resistencia<sup>17</sup> (DIR), vítimas da represión nazi.

Vexamos en que consistía cada unha destas categorías<sup>18</sup> e cales forons os seus totais de recursos humanos<sup>19</sup>:

- FFI: 260.000 guerrilleiros/as.
- FFC: 109.000 homes e mulleres nas redes de información, de acción ou de fuga.
- RIF: 22.000 persoas que foron internadas, deportadas, feridas ou mortas; creadores/as de movementos e organizacións cuxos servizos non foron militares mais con dereito a pensión militar.
- FFL: 52.000 homes e mulleres do exército regular da Francia Libre.

---

10 Vid <https://www.servicehistorique.sga.defense.gouv.fr> [16-06-2024]

11 Bureau Résistance.

12 GR 16 P

13 Forces Françaises Libres.

14 Forces Françaises de l'Intérieur.

15 Forces Françaises Combattantes.

16 Résistance Intérieure Française.

17 Déportés Internés de la Résistance

18 Famille résistance.

19 Vid [https://www.fondationresistance.org/pages/action\\_pedag/recherches-biographiques-sur-resistant\\_dossier-thematique-28.htm](https://www.fondationresistance.org/pages/action_pedag/recherches-biographiques-sur-resistant_dossier-thematique-28.htm) [16-06-2024]

- DIR: 70.000 homes e mulleres deportados e internados, na maioría dos casos pertencentes a algunha das denominacións anteditas (FFI, FFC, RIF, FFL).

En total cursáronse 610.000 solicitudes do título de membro da resistencia<sup>20</sup>. Delas homologáronse 443.000 casos.

Das máis de 6.600 persoas españolas indexadas a maioría eran homes. Xunto deles, sen contar as españolas que constaban implicitamente como solteiras, había polo menos 260 mulleres que casaran no momento da constitución da fonte documental. Por medidas adoptadas en 1951, deixáronse de emitir novos certificados de servizos prestados na Resistencia. Estudaremos cantos galegos aparecen vencellados a cada unha das cinco agrupacións francesas indicadas, segundo os datos do SHD.


### 3. Unha fonte galega

Para coñecer as persoas implicadas na resistencia antifascista en España, Europa e norte de África -unha loita internacionalista e transfronteiriza- hai diversas bases de datos en liña, tanto voluntarias como desenvolvidas ao abeiro de gobernos como o francés, o español ou o catalán; referímolos no apartado final deste artigo e nas notas a rodapé. O proxecto *Nomes e voces*<sup>21</sup> (en adiante NEV) é unha das fontes relevantes. Promovido desde a Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago, recolle máis de quince mil rexistros persoais de vítimas do golpe militar contra a II República e mais da conseguinte represión dos galegos e galegas, unha violencia que os sublevados exerceron maiormente sobre poboación civil. NEV aporta informes, recursos educativos, mapas e en xeral unha ampla fonte de recursos abertos.

---

<sup>20</sup> Titre de Résistant.

<sup>21</sup> Vid <https://nomesevoces.net> [16-06-2024]



Oficios dos represaliados/as en terras galegas. Como mínimo tres cuartas partes das vítimas eran poboación civil<sup>22</sup>. Elaboración propia a partir de quince mil persoas indexadas por *Nomes e voces*.

#### 4. Forzas con resistentes galegos

Entre os seis milleiros de persoas españolas do rexistro do SHD identificamos con case total certeza 91 galegos e galegas, descartando catorce adicionais que tamén o poderían ser<sup>23</sup>.

Os galegos e galegas recibiron tres rangos de consideración, de menor a maior, que debullaremos nos apartados a seguir.

<sup>22</sup> Non parece arriscado conxeturar que eran civís 9 de cada 10.

<sup>23</sup> Cinco naturais de “Santiago” (podería ser Compostela), dous de “Alberguerias” (o topónimo pode ser galego ou non), dous de “Fraga” (idem), un de “Cangas” (idem) e senllos de “Cozuna” e “Corone” (poderían ser da Coruña).

## 4.1 Ningunha homologación

Vinte e dúas persoas naturais de Galiza aparecen listadas mais non foron consideradas formalmente como pertencentes a ningún dos cinco grupos da Resistencia. Nesa circunstancia de constaren no rexistro francés mais -independentemente dos motivos da administración gala- sen homologación ningunha recoñecida, están por caso<sup>24</sup>:

- **Fernando Eiroa Mosquera** (n. Ferrol, 1914): militar na armada republicana durante a Guerra de España. Abríronlle causa en Ferrol por deserción e declarárono fuxido e en rebeldía. Quedou en Túnez.
- **Salvador Ferro Franco** (Viveiro, 1913-Grenoble, Francia, 1997):<sup>25</sup> labrador, ferreiro, operario afiliado á CNT e militar. Mobilizado forzoso coas filas sublevadas, desertou para o bando leal á República, o que pagou a súa familia en Viveiro, represaliada polos partidarios do golpe de estado. Tenente ao acabar a guerra, pasou a Francia e estivo en campos de internamento mais negouse tanto a alistarse na Lexión como a enrolarse nas compañías de traballo que explotaban os foráneos<sup>26</sup>. Si aceptou traballar de mecánico militar cando a invasión nazi xa se vía inminente. Ao converterse esta ameaza en realidade, marchou con documentación falsificada cara o sur do país, alí traballou nunha canteira en canto colaboraba en accións da Resistencia como sabotaxes. Foi detido polos nazis en Saint-Quentin-sur-Isère en 1944 e en cuestión de semanas foi deportado ao campo de concentración de Natzweiler Struthof e despois a Dachau. Aínda hoxe dado por desaparecido nalgunha fonte especializada<sup>27</sup> e mesmo por morto pola súa familia no momento dos traslados como prisioneiro do ano 44, en realidade sobreviviría aos campos nazis, resultando liberado en 1945. Casou, tivo descendencia e chegou a vello pero xa quedou en Francia.

---

24 Calquera erro de identificación nos emparellamentos entre SHD e NEV é só noso, non de ningunha de ambas fontes. Ademais dos casos expostos supra tamén aparece no primeiro un non homologado Víctor Ares (A Coruña, 1913) e no segundo un Víctor Ares Arias, natural de Ares, ingresado en Mauthausen en 1940 e liberado polos aliados en 1945.

25 Nuevo Cal, 2024.

26 Sobre estas compañías vid Altet, 2005: 133.

27 Vid <https://banc.memoria.gencat.cat/ca/results/deportats/3401> [20-06-2024]



Oitenta e un homes, do cento e medio de membros, de La Nueve<sup>28</sup>, en Pocklington (Inglaterra) en xuño de 1944. La Nueve era o nome coloquial que lle deron os españois pertencentes a esta 9ª Compañía do Régiment de marche du Tchad, que pola súa vez facía parte da 2ª División Blindada francesa, tamén coñecida como División Leclerc.

- **Víctor Manuel Lantes Vedruné** (A Coruña 1919-Fréjus, Francia, 2007)<sup>29, 30, 31</sup>: militar galego de traxectoria destacada na II Guerra Mundial e un dos protagonistas do libro *La Nueve: los españoles que liberaron París*.<sup>32</sup> Na súa infancia na Coruña seus pais eran taberneiros. Ameazados por agocharen folguistas durante a ditadura de Primo de Rivera, tiveron que marchar da cidade deixando todo atrás. Após azarosas circunstancias familiares, ao darse o golpe de estado e sendo el un xove mecánico comunista, alístase voluntario para defender a República. Destínano a Aragón e Cataluña. Ao acabar a guerra pasa un periplo de prisioneiro que precede o seu servizo militar na incipiente ditadura. Cando un par de anos máis tarde

28 Vid [https://fr.wikipedia.org/wiki/La\\_Nueve](https://fr.wikipedia.org/wiki/La_Nueve) [01-09-2024]

29 Fernández, 2019.

30 É un caso curioso en termos de datos, comparado con todos os demais que veremos, porque aínda que no consultable telematicamente existe un rexistro co seu nome, está baleiro.

31 Vid <https://www.francaislbres.net/liste/fiche.php?index=78120> [11-08-2024]

32 Mesquida, 2008: 18, 253-258 e 274. Hai unha mención adicional ao seu irmán en Mesquida, 2008: 49.

sabe polas noticias que os estadounidenses desembarcan en África, non o dubida, métese nun barco para alá. Detido polas autoridades coloniais francesas, danlle a escoller entre enrolarse na Lexión francesa ou voltar forzosamente a territorio español. Temendo represalias por ter marchado, acepta o primeiro mais, en canto pode, escapa para enrolarse coas tropas do xeneral Leclerc<sup>33</sup>, en 1943, coñecendo entón o capitán Putz. Hai múltiples testemuños<sup>34</sup> de canto os soldados españois apreciaban e respectaban aqueles dous mandos, pola consideración que tiñan cos ex combatentes na Guerra Civil<sup>35, 36</sup> e porque non practicaban a obediencia cega a ordes absurdas. Chegou por fin a maquinaria que precisaban para a guerra, quedando Lantes a cargo dun semioruga ou *half-track*, vehículo do que xa non se separaría até a vitoria final. Preparáronse para o asalto continental en Inglaterra e agardaron o desembarco de Normandía de 1944. Ao chegaren a Francia tiveron duras batallas como unha contra unha división enteira de tanques Panzer alemáns. Consequiron a rendición de 150.000 soldados nazis. Lantes participou na operación de punta de lanza que permitiu que Leclerc enviase a Nueve, a 2ª División Blindada da Francia Libre, a tomar París. Axiña acabarían oito anos de guerra para Lantes e os seus camaradas que tomaran as armas en 1936.

## 4.2 Homologación única

Sesenta e catro persoas galegas foron recoñecidas nunha soa forza das cinco categorías contempladas.

---

33 “Leclerc viña de loitar por toda África baixo a bandeira da Francia Libre. Polo seu prestixio ganado na batalla, foi escollido para comandar a 2ª División Blindada, unha unidade de nova creación dentro do exército do xeneral” estadounidense “Patton. Formábana 14.000 homes de 32 nacionalidades, e uns 2.000 eran republicanos españois. [...] A 9ª Compañía, La Nueve,” estaba “case toda formada por veteranos da Guerra Civil.” Losada, 2019. Vid tamén Mesquida, 2008: 257, onde Lantes alude á integración nas forzas de Patton.

34 Mesquida, 2008: 286-288, índices de mencións de ambos.

35 Mesquida, 2008: 108 cita Dronne, 1984.

36 Serrano, 2005: 488. Martorell fala de Leclerc.

Vid tamén <http://bteysses.free.fr/espagne/martorell.htm> [2-07-2024]

### 4.2.1 Mostra de galegos das FFI

Como mostra de persoas que recibiron unha única homologación, eis tres homes da provincia da Coruña e outro da ourensá recoñecidos oficialmente en Francia como membros das FFI<sup>37</sup>:

- **Luis Abella Beade** (n. Landoi, Cariño, 1900)<sup>38</sup>: Afiliado sindical desde mozo, na trintena é activo membro da FAI e un dos máis radicais da CNT galega. Participa na creación de múltiples agrupacións e en entidades educativas ligadas ao anarquismo tanto na bisbarra ferrolá como no seu Cariño natal. Foi preso varias veces por participar en folgas e sabotaxes. No 36 enfróntase ás tropas sublevadas en Ferrol. Xulgado, convértese nun fuxido até adherirse á fuga do pesqueiro Ramón que parte de Ares<sup>39</sup> e chega a Brest (Francia). Disque de alí foi levado para o campo de concentración de Barcarès e que despois viviría en Francia o resto da súa vida. Sorprende que, estando recoñecido expresamente como guerrilleiro da Resistencia polo goberno do seu país de acollida, aínda non saibamos máis da súa actividade durante a guerra de Europa.<sup>40</sup>
- **José Leiro Cagiao** (n. Miño, 1912): mariñeiro xulgado por rebelión militar<sup>41</sup> na causa instruída pola subtracción doutra embarcación, neste caso unha motora chamada María del Carmen, resultando declarado fuxido e en rebeldía. Encausado por non presentarse a filas.

37 Tamén hai un nacido en Vigo en 1911 que consta con Fernández de nome e Ginez de apelido, podería chamarse Fernando Ginés ou Ginés Fernández. En calquera caso non se debe confundir con Ginés Fernández Rodríguez, xulgado por rebelión militar e executado en Ferrol en 1936 aos 26 anos de idade.

38 Fernández Fernández, [s. d.] Vid tamén Dupuy, 2006-2023.

39 No ano 39, unha vez acabada a guerra, en só dúas fuxidas por mar escaparon a Francia case medio cento de antifascistas de Mugardos, Ares, Ferrol, Serantes e Narón. Fernández e Pereira, 2023: 36.

40 Tamén podería ser que o Louis (sic) Abella nado en El Jerrol (sic) o mesmo ano (1900, en concreto o 6 de marzo) non fose o propio Luis Abella Beade, mais non parece aventurado supor que si se trata da mesma persoa, como fixemos neste punto.

41 “Enorme paradoxa que os militares que se rebelan contra o goberno acusen de rebelión militar aos militares que o defenden.” Barrera Beitia e González Mauriz, 2007: 39.

- **Antonio Serrano López** (n. Miño, 1912): mariñeiro igualmente, paisano do anterior, encausado como aquel pola mesma nave e co mesmo resultado.
- **Manuel Castro Rodríguez** (Castro Caldelas<sup>42</sup>, 1906-Madrid, 1946): disque afiadador<sup>43</sup> na súa vila natal, foi logo militar condecorado (Medalla ao Valor en 1938)<sup>44</sup> do exército leal á República e destacado militante comunista, tivo un papel relevante na liberación de Francia, en cuxa loita acadou o grao de tenente coronel<sup>45</sup> das FFI<sup>46</sup>. Mandou a 9ª Brigada bis de Altos Pireneos que até 1943 controlaba a fronteira<sup>47</sup>. Primeiro comandou o batallón de Tarbes so a dirección de Cristino García, despois, cando se preparaba o ataque definitivo contra os nazis, estivo ao mando da 26ª División<sup>48</sup> (Ariège<sup>49</sup>, Pireneos Orientais e Aude)<sup>50</sup>, que data de agosto de 1944<sup>51</sup>. Enviado de volta a España polo PCE para organizar as guerrillas galegas, foi o artífice da liberación de trinta presos do campo de Valdemanco na serra do Guadarrama en 1945.<sup>52</sup> Resultou apresado após un enfrontamento armado con gardas civís nos límites das provincias de Ávila e Madrid. Meses despois foi fusilado polo réxime franquista, a pesar da campaña internacional para que a pena de morte lle fose conmutada a el e a outros heroes da Segunda Guerra Mundial, incluíndo o propio Cristino García.

---

42 Consultado o concello de Castro Caldelas sobre se Manuel Castro tivo algún recoñecemento por parte do municipio non tivemos resposta.

43 Sánchez Agustí, 2011: 192.

44 “Como recompensa a su distinguida actuación durante la actual campaña” *Diario oficial del Ministerio de Defensa Nacional* Año LI Número 254 - 1938 octubre 1

45 Lamela, 2023. Debemos notar que nesta obra, a diferenza doutras fontes manexadas que indican 1906, o ano de nacemento que aparece é 1916. A nosa suposición é que se trata da mesma persoa que o Manuel Castro (sic) recoñecido polo SHD como das FFI, nacido en 1906 en Orense (sic).

46 Sánchez Agustí, 2011: 192.

47 Serrano, 2005: 330. Vid tamén Serrano, 2005: 360.

48 Dupuy, 2007-2023.

49 Ariège en occitano.

50 Serrano, 2005: 398.

51 Serrano, 2005: 447. En palabras deste autor “Tal vez fue, con la 3ª División de Cristino García, la que más renombre proporcionó a los guerrilleros españoles”. Vid tamén Serrano, 2005: 458.

52 Sánchez Agustí, 2011: 192.



Centre d'Histoire de la Résistance et de la Déportation en Ariège (Varilhes, Francia)<sup>53</sup>. Escopeta: a pesar dos lanzamentos aéreos aliados, a maioría dos loitadores da Resistencia só dispuñan de armas de caza para combater. Subfusil Sten: arma emblemática da Resistencia, foi lanzada en paracaídas nas vésperas da liberación de Francia. Brazaletes: usados como identificación polos combatentes das FFI que carecían de uniforme.

#### 4.2.2 Mostra de galegos nos DIR

Vemos aquí os casos de dous homes recoñecidos só no cadro de deportados e internados da Resistencia:

- **Felipe Noguerol Otero** (Betanzos, 1912-Montpellier, Francia, 2003): militar, oficial critpógrafo destinado en Cartaxena, a base naval da República. Sobre o seu papel no transcurso da guerra contou:

<sup>53</sup> Foto do autor. Ambas armas son doazón de Mémoire, Résistance en Ariège - Solidarité transfrontalière Emmanuel Trastet. Os brazaletes foron doados por Annie Fauré. O segundo leva impreso as siglas “M. P.” e o terceiro “Front National / FTPF / FFI”.

*As nosas misións eran esencialmente a protección dos buques que nos suministraban alimentos e armas. Había que protexelos da mariña italiana e alemana. Ningún goberno nos quixo axudar. Só o fixo Rusia, vendéndonos armas e México. Este país fíxoo ademáis dunha maneira completamente desinteresada. [...] Segundo os compromisos diplomáticos, os barcos italianos non podían participar nos combates [contra a armada republicana], pero non acostumaban a respectar nin os acordos que eles mesmos asinaban.*<sup>54</sup>

En 1939 marchou na frota republicana (doce barcos e 4.500 homes de tripulación)<sup>55</sup> a Túnez. Alí foi destinado ás chamadas compañías de traballo<sup>56</sup> -forzoso<sup>57</sup>- en varios campos de internamento até 1943. Reclutouno como espía para a Resistencia un xudeo parisino de quen se fixo amigo en Túnez. Probablemente por unha fuga de información na célula da que era parte, a Xestapo detén Noguerol. É seguidamente levado en avión a Alemaña e na altura do mesmo 1943 acaba deportado ao campo de Sachsenhausen-Oranienburg<sup>58</sup>, nas afóras de Berlín, onde falaría co mesmísimo Largo Caballero<sup>59</sup>. Após moitas vicisitudes e de ser testemuña en primeira persoa da maquinaria de exterminio nazi, o galego viuse libre en 1945 preto da cidade de Schwerin.

*Presentouse un coronel norteamericano e dixonos que debiamos estar preparados para o noso traslado a Madrid. Quedamos de pedra e explicamos as razóns polas que non podiamos retornar a España, porque nos fusilarían ou meterían na cadea.*

---

54 Barrera Beitia e González Mauriz, 2007: 47.

55 Barrera Beitia e González Mauriz, 2007: 48.

56 Ao final da Guerra Civil máis de dez mil republicanos españois fuxiron para a África do norte francesa. Alí a administración colonial de Vichy, o réxime francés colaborador da Alemaña nazi, creou un sistema de campos de internamento e de traballo forzado no deserto no cal comunistas franceses, nacionalistas africanos e antifascistas europeos, entre eles moitos intelectuais, vivían en condicións extremas. Vid Negrete, 2021.

57 Pola súa experiencia particular Felipe Noguerol declarou “En realidade, o goberno francés non tiña dereito a nos obrigar a este traballo” de reparar estradas “pero nós facíamolo gustosamente, xa que era unha axuda na loita contra o fascismo.” Barrera Beitia e González Mauriz, 2007: 49.

58 Serrano, 2005: 168.

59 Barrera Beitia e González Mauriz, 2007: 59.

- *Non me importan esas cuestións, respondeu. Eu teño ordes que cumprir.*<sup>60</sup>

A intercesión do Partido Comunista permitiu salvar Noguerol e outros españois. O militar betanceiro tivo despois unha longa e frutífera vida en Túnez e Francia. Condecorado coa cruz de Combatente Voluntario da Resistencia, a Cruz de guerra con palma, a medalla militar e a orde de Cabaleiro da Lexión de Honra.<sup>61</sup> Porén, nunca recibiu o debido recoñecemento do goberno español despois de 1978.

- **Alfredo Gómez Ollero** (Paderne de Allariz, 1905-Nantes, Francia, 1943)<sup>62</sup>: de oficio cordoeiro e de afiliación comunista, estaba en Córdoba cando o golpe militar de 1936. Pouco despois é nomeado capitán e combate ás ordes do xeneral Enrique Lister, probablemente ligado ao Batallón Popular de Milicias Galegas. Mantén durante moito tempo correspondencia coa súa muller en Paderne, Pura Losada, quen cría as dúas fillas da parella. Unha vez en Francia Alfredo é encerrado en Barcarès e despois en Argelès. Unha ferida de guerra lévaa a distintos hospitais. Dos campos pasa como albanel a unha das chamadas compañías de traballo. En paralelo, convértese nunha das pezas clave da Resistencia na área de Nantes, disque era o máximo responsable da zona inferior do Loira e que servía de enlace ao Partido Comunista no exilio. Detido xunto a moitos outros resistentes, é sometido a un simulacro de xuízo polo invasor alemán para escarmentalos polas sabotaxes que levaran a cabo. Acúsano de liderar unha célula de catro españois, entre eles o galego Benedicto Blanco. Eles os dous e outros 35 compañeiros, a maioría nativos, son fusilados polos nazis en 1943. Por decreto francés do verán de 1971<sup>63</sup> Alfredo sería condecorado con medalla póstuma<sup>64</sup> e poucos anos despois a familia tramitaría en favor da súa viúva a pensión oficial por morte na loita contra a ocupación. En 2006 rendéuselles homenaxe aos mártires cun monumento na tumba do cemiterio de

60 Barrera Beitia e González Mauriz, 2007: 62.

61 Garrido Fernández e Lozano González, 2021: 314.

62 López e Noia, 2006 contan toda a súa historia en detalle, ilustrada con fotografías.

63 Data do decreto: 3/6/1971, publicación no JO do 2/7/1971. Fonte: *Mémoire des hommes*.

64 Fonte: l'Ordre de la Libération. *Mémoire des hommes*.

Nantes onde están enterrados. A familia declarou entón que non reclamaría os seus restos para Paderne até que fosen recoñecidos na súa terra natal con análoga deferencia á do país no cal deu a vida.<sup>65</sup>

#### 4.2.3 Mostra de galegos nas FFL

- **Hipólito Bustamante Leal**<sup>66</sup> (n. Ferrol, 1913): militar xulgado en Ferrol por inutilización na causa instruída contra a tripulación do Contramestre Casado, foi declarado fuxido en rebeldía.
- **Miguel Chapel Salgueiro**<sup>67</sup> (n. Monforte de Lemos, 1903): ferroviario xulgado co resultado de declaración en rebeldía. Fuxido a Francia, de onde xa non voltaría.

#### 4.3 Dupla homologación

A catro homes -un de cada provincia galega- recoñecéronos en máis dunha categoría, en concreto homologáronos como das Forzas Francesas do Interior (FFI) e como Deportados e Internados da Resistencia (DIR):

- **Jean (sic) Arias** (n. Lugo, 1909). Podería ser Juan Arias, nacido en 1909 en Ribas de Sil, que foi arrestado polos alemáns en 1944 no transcurso dun

---

65 A homenaxe en Nantes tivo o apoio explícito do presidente do goberno español José Luís Rodríguez Zapatero (PSOE), do vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, e da conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo (ambos do BNG). López e Noia, 2006. En 2006 o BNG local presentou ao concello de Paderne unha iniciativa para convertelo en fillo predilecto do municipio. Consultado o partido sobre se ese recoñecemento algunha vez se levou a cabo, non tivemos resposta.

66 Tamén aparece como Hyppolite nos rexistros do SHD e só co primeiro apelido, o segundo atopámolo en NEV.

67 No SHD consta como Michel (sic) Chapel. Ademais, a diferenza de NEV, aparece tamén un segundo monfortino de idéntico apelido só que vinte anos máis novo (n. 1923): Louis Jacques (sic), homologado non no FFL como Miguel/Michel senón no DIR.

combate en Labastide<sup>68</sup>, nos Pireneos. Ese mesmo ano foi deportado ao campo de concentración de Buchenwald.<sup>69</sup> Resultaría liberado. Un español chamado Juan Arias foi despois destinado co Exército Vermello a Belarús, daquela parte da URSS.<sup>70</sup>

- **Ramón Garrido Vidal** (O Grove, 1915-Les Lilas, Bobigny, Francia 1995)<sup>71</sup> amigo de mocidade do escritor Manuel Lueiro Rey<sup>72</sup>, desertou das filas franquistas e incorporouse ao exército republicano na infantaría de mariña, 151ª Brigada mixta.<sup>73</sup> En Francia organizou os primeiros grupos armados de resistentes españois en Brest e Lorient, codirixindo os seus compatriotas na Bretaña. Foi responsable de medio milleiro de resistentes nos departamentos de Côtes du Nord, Morbihan, Sarthe e Finistère,<sup>74</sup> até que foi detido pola Xestapo en París en 1942.<sup>75</sup> Estivo preso en Villeneuve-sur-Lot<sup>76</sup>. Deportado a Dachau. Liberado en 1945,<sup>77</sup> relatou o que viviu en primeira persoa aqueles días históricos<sup>78</sup>. Os seus restos descansan no cemiterio da súa vila natal.<sup>79</sup>
- **Enrique Oubiña Fernández** (A Coruña, 1905-Carcassonne, Francia 1980)<sup>80</sup>: militar no exército republicano. Preso en Compiègne en 1940. Deportado a Mauthausen en 1944. Trasladado a Gusen. Foi liberado en 1945.

68 O Banc de la Memòria Democràtica indica Mousette (sic) como lugar de detención.

69 Serrano, 2005: 208.

Vid tamén <https://banc.memoria.gencat.cat/ca/results/deportats/2268> [21-06-2024]

70 Serrano, 2005: 265, apartado de aviadores republicanos na URSS.

71 Vid <https://banc.memoria.gencat.cat/ca/results/informant/15609> [21-06-2024]

72 Vid [http://bteysses.free.fr/espagne/noche\\_septiembre.html](http://bteysses.free.fr/espagne/noche_septiembre.html) [21-06-2024]

73 Vid <https://banc.memoria.gencat.cat/ca/results/deportats/3487> [21-06-2024]

74 Serrano, 2005: 390.

75 Sanz, 1981: 88-89.

76 Serrano, 2005: 390.

77 A súa familia adheriuse en 2020 á querela xudicial aberta en 2010 pola xuíza arxentina María Servini para perseguir os crimes do franquismo.

78 Serrano, 2005: 488, 492.

Vid tamén [http://bteysses.free.fr/espagne/garrido\\_liberation\\_espagnol.htm](http://bteysses.free.fr/espagne/garrido_liberation_espagnol.htm) [2-07-2024]

79 Vid [http://bteysses.free.fr/espagne/RGV\\_LCM.html](http://bteysses.free.fr/espagne/RGV_LCM.html) [21-06-2024]

80 Vid <https://banc.memoria.gencat.cat/ca/results/informant/16429> [11-08-2024]

- **Antonio Pérez** (n. Albarellos, Monterrei, Ourense, 1904): preso nos campos de exterminio de Compiègne e Buchenwald.

Combinación distinta de homologacións, neste caso como resistente interior (RIF) e como deportado (DIR) é o caso de:

- **Julio Domínguez Rodríguez** (n. Quintela de Leirado, 1916). Traballador sindicado, vive en Madrid cando estoura a guerra de España. Na defensa da República chegaría a tenente das Milicias Galegas<sup>81</sup>. Cando acaba a guerra marcha para Francia, onde casa en 1942 cunha nativa. No París ocupado polos nazis el axuda ao seu sogro a levar unha tenda de antigüidades para unha familia xudía que se oculta da persecución.<sup>82</sup> Ademais, colabora coa Resistencia. Acaba sendo detido por participar en sabotaxes contra o exército alemán e trasládano ao campo de Mathausen en 1944, de onde sería liberado polas tropas aliadas.<sup>83, 84</sup>

#### 4.4 Coruñesas

Aínda que en textos especializados<sup>85</sup> non se conta ningunha muller galega na Resistencia e noutros<sup>86</sup> unha soa, encontramos<sup>87</sup> dúas nas Forzas Francesas do Interior (FFI), é dicir dúas maquis, ambas nadas na Coruña:

---

81 [s. n.], [s. d.] Milicias Gallegas.

82 Rodríguez, 2020.

83 Pérez Pena, 2020.

84 A súa familia adheriuse en 2020 á querela xudicial aberta en 2010 pola xuíza arxentina María Servini para perseguir os crimes do franquismo.

85 Català i Pallejà, 2000. Esta obra recolle testemuños, a maioría en primeira persoa, de resistentes sobre todo catalás e valencianas, mais tamén aragonesas, madrileñas... e varias franco-españolas. Vid tamén Gaspar Celaya, 2019.

86 Hurtado Morán, 2020: 74.

87 Á parte da catalá Mercedes Núñez, filla de galego, que viviu brevemente na Coruña de moza e os últimos anos da súa vida en Vigo. Vid [https://gl.wikipedia.org/wiki/Mercedes\\_N%C3%BA%C3%B1ez](https://gl.wikipedia.org/wiki/Mercedes_N%C3%BA%C3%B1ez) [11-08-2024]

- **Filomena Biencinto Naya** (n. 1905), dela só sabemos que xunto con outras catro españolas (Regina Arrieta, Dolores Clavero, Rosita Gil e Rosita Uda-ve) estivo destinada na brigada da Alta Garona<sup>88</sup>, departamento limítrofe con Aragón e Cataluña e cuxa capital é Toulouse.
- **Dolores Pérez-Tilkin** (1910-2007)<sup>89</sup> en realidade xa emigrara cos seus pais a Francia durante a primeira guerra mundial. Casada e co marido mobilizado axiña, ela adheriuse á Resistencia desde o momento inicial. Participou nunha imprenta clandestina, dirixiu unha rede de fuga de presos e, após ser denunciada, fíxose guerrilleira e como maquis participou na liberación de Toulouse. Durante a guerra, os seus pais foron presos e a súa irmá mais nova e un dos seus irmáns foron torturados pola Xestapo.<sup>90</sup> Reencontrouse co seu esposo ao concluir a contenda, época na cal, ao servizo da seguridade militar e como intérprete de castelán, Dolores participou na repatriación de deportados, especialmente de españois procedentes do campo de concentración de Mauthausen. Foi nomeada Cabaleira da Lexión de Honra e Oficial da Orde Nacional do Mérito. Declarou “Nunca tiven medo”.<sup>91</sup>

#### 4.5 Sumario de perfís

As 74 homologacións correspondentes a paisanos nosos agrúpanse deste xeito:

- FFI 39 casos = 35 só FFI + 4 que foron ao mesmo tempo FFI & DIR
- FFL 17 casos = todos só FFL
- DIR 10 casos = 5 só DIR + os 4 indicados supra (FFI & DIR) + 1 RIF+DIR infra

<sup>88</sup> Hurtado Morán, 2020: 123.

<sup>89</sup> Pérez é o apelido de nacemento e Tilkin o adoptado ao casar. Nos documentos aparece frecuentemente co apelido composto mediante trazo (ás veces na orde inversa) e o seu nome acentuado Dolorès.

<sup>90</sup> Nêves, 2017.

<sup>91</sup> [s. n.], 1987.

- FFC 6 casos = todos só FFC
- RIF 2 casos = un caso único RIF e outro RIF+DIR

#### 4.5.1 Todos os galegos nas FFC

As Forzas Francesas Combatentes case son as menos frecuentes entre os galegos. A media ducia de membros de quen sabemos son todos de beiramar: Atilano Sierra (Pontevedra, 1892), Mario Páramo (Vigo, 1893), os ferroláns José Giménez (n. 1908) e Ángel López Cinza (n. 1909) ademais do coruñés Cosme Carreira (n. 1912) e Manuel Martín (Foz, 1916).

#### 4.5.2 Outro galego na RIF

O grupo máis inusual entre os galegos é o dos resistentes interiores, no cal, ademais do antes visto Julio Domínguez, está:

- **Benigno Castro Gandoy** (n. Lugo, 1904).<sup>92</sup> Detido en Lot-et-Garonne, en 1944 foi preso en Comiègne, deportado a Dachau e despois trasladado a Mauthausen, todo no mesmo ano. Liberado en 1945. Sobreviviu.

Destaquemos o feito de Domínguez estar recoñecido como deportado mais Castro non, a pesar deste último o ter sido tamén.

### 4.6 Un apuntamento do SHD

Tal como explica Frédéric Quéguineur, do Servizo Histórico da Defensa, o obxectivo do corpus que se facilita á investigación “non é elaborar a lista de todos os combatentes da Resistencia”. Como xa vimos en casos non homologados, por si “o feito dun individuo ser mencionado na base de datos non

---

92 Segundo as fontes constan dúas datas distintas de nacemento del, o 27 de marzo e o 11 de maio de 1904. Vid <https://banc.memoria.gencat.cat/ca/results/deportats/3053> [11-08-2024]

presume que tivese sido membro da Resistencia, toda vez que a base contén todos os procesos que se abriran, incluíndo os daqueles suxeitos que, após análise, non foron recoñecidos ou aprobados como activos na Resistencia.” Con todo, “moitas persoas que loitaron contra as forzas de ocupación durante a II Guerra Mundial nunca se deron a coñecer. Alén diso, algunhas formas de resistencia non deron lugar a procedementos administrativos que levasen á creación dun proceso individual”. Ademais, engadimos nós, parece verosímil que non todos os e as resistentes quixesen ou puidesen demandar expresamente o seu recoñecemento legal como tales.

## 5. Xeografía

### 5.1 Debullado por veciñanza galega das vítimas da represión

*Durante la guerra europea, cuando se preveía la derrota de Alemania, y se pensaba que los países occidentales derrocarían a Franco, fueron varios los derechistas de Corcubión que se acercaron insinuando que si cambiaba la tortilla, esperaban que les ayudase... Yo les contestaba que si no lo hiciese sería como ellos, y nosotros no éramos como lo habían sido ellos.*

Declaracións do fillo de Manuel de Paula (Manuel foi represaliado polos falanxistas)<sup>93</sup>

Facemos un inciso no fío dos combatentes no exterior a través do SHD para fixarnos no mapa da represión<sup>94</sup> interna aportado por NEV. Vai encabezado en termos absolutos por persoas asentadas en tres grandes concellos costeiros:

<sup>93</sup> Lamela García, 1995: 259.

<sup>94</sup> As cinco formas represivas máis frecuentes foron por esta orde: prisión, procesamento, morte (na vía pública, execución, desaparición, etc.), detención, reclusión en campos de exterminio.

só cos datos dispoñibles agora mesmo, en Ferrol<sup>95</sup> houbo máis de novecentas vítimas, Vigo<sup>96</sup> tivo case novecentas e A Coruña<sup>97</sup> máis de oitocentas. Cerca de trescentas vivían en Ourense, concello seguido na escala de máis de duascentas por Pontevedra, Vilagarcía, Viveiro, A Pobra do Caramiñal e Santiago. Nun terceiro bloque de máis de cen represaliados e represaliadas por municipio estarían Marín, A Estrada, Lugo, Cangas, Tui, Mugardos, Ribadeo, Ribeira, Monforte, Pontearreas e moitos outros.

Por bisbarras os datos repiten o encabezado, coa ferrolá, viguesa e coruñesa, cada unha con máis de mil vítimas, e despois a ourensá, con medio cento. Cerca desta última cantidade está a comarca do Salnés, tamén a do Morrazo e igualmente a da Barbanza. A bisbarra de Pontevedra, a da Terra de Lemos, a de Betanzos e A Mariña Occidental tiveron máis de trescentas persoas represaliadas cada unha.

Considerada tamén a veciñanza de quen se sabe, o total por provincias é de máis de 4.800 vítimas na Coruña, máis de 3.800 en Pontevedra, máis de 1.800 en Lugo e máis de 1.600 en Ourense.

Estas son as principais agrupacións xeográficas por número absoluto de homes e mulleres que foron sometidos a castigos ou á morte, sen pormos as cantidades en relación demográfica á poboación que había en cada unha delas na década dos 1930.

---

95 En 1930 a súa poboación superaba as 35.000 persoas. Vid <https://www.ine.es/intercensal/intercensal.do?search=1&cmbTipoBusq=0&textoMunicipio=Ferrol> [16/3/24]

96 En 1930 a súa poboación superaba as 65.000 persoas. Vid <https://www.ine.es/intercensal/intercensal.do?search=1&cmbTipoBusq=0&textoMunicipio=Vigo> [16/3/24]

97 En 1930 a súa poboación superaba as 74.000 persoas. Vid <https://www.ine.es/intercensal/intercensal.do?search=1&cmbTipoBusq=0&textoMunicipio=Coru%C3%B1a,%20A> ou <https://www.ine.es/intercensal/intercensal.do?search=3&codigoProvincia=15&codigoMunicipio=030&btnBuscarCod=Submit+selection> [16/3/24].

## 5.2 Debullado por orixe dos guerrilleiros galegos en Francia

Voltando ao SHD, en xeral as naturalidades constan nada máis que a nivel de concello; ademais hai topónimos ambiguos<sup>98</sup> como Freixo, Vilachá e Céltigos que non podemos adscribir a municipios sen información adicional.

De cinco homes en particular sabemos mesmo a súa orixe a nivel inframunicipal: concretamente en Corme (Ponteceso) naceu Manuel Cousillas Vidal en 1898, en Albarellos (Monterrei) en 1904 Antonio Pérez -de quen falabamos antes-, en Monseiro (Láncara) Jesús López (n. 1910), en Esteiro (Muros) Manuel Torea García (n. 1914) e o mesmo ano na Parada (A Estrada) Manuel Rodríguez. Un adicional con este nivel de detalle é Luis Abella, referido anteriormente no epígrafe das FFI<sup>99</sup>.

Os municipios máis representados son A Coruña con quince persoas (dúas máis se consideramos a súa comarca), Ferrol con doce, Ourense con dez, Vigo con nove e Pontevedra con seis. A bisbarra de Betanzos aporta catro.

Vemos que coinciden as grandes áreas urbanas e periurbanas da represión exposta no apartado anterior coas terras orixinarias dos resistentes galegos en Francia.

Se comparamos vítimas interiores e loitadores exteriores segundo as actuais provincias, os resistentes naturais da Coruña lideran o volume igualmente, seguidos polos de Pontevedra. Só Lugo e Ourense trocan postos (proporcionalmente houbo máis veciños e veciñas so represalias en Lugo, non obstante menos resistentes en Francia naturais desa provincia que de Ourense). As cifras son:

98 En xeral os topónimos non univocamente identificables poden corresponder a lugares e freguesías diversos, ás veces pertencentes a diferentes concellos. Céltigos en concreto tamén é nome de arciprestado.

99 Porén a súa freguesía de orixe (Landoi, no concello de Cariño) sabémola non a través do SHD ou NEV, que indican Ferrol, senón vía Eliseo Fernández Fernández en [https://www.nodo50.org/historia\\_social/Letras/aLuisAbella.html](https://www.nodo50.org/historia_social/Letras/aLuisAbella.html)

- Provincia da Coruña      40 resistentes en Francia documentados no rexistro específico<sup>100</sup>
- Prov. Pontevedra      23 íd.
- Prov. Ourense      15 íd.
- Prov. Lugo      10 íd.
- Prov. indeterminada      3 combatentes

## 6. Pormenor das idades

O rango de nacemento dos combatentes galegos rexistrados oficialmente en Francia abrangue desde 1892 a 1924 e a moda, con nove persoas, é o ano 1914. Non hai saltos pronunciados no s. XX: practicamente en cada ano do primeiro cuarto desa centuria naceu en Galiza un resistente polo menos. Cando comezou a II Guerra Mundial as súas idades estaban pois comprendidas entre os 47 anos do máis vello (o pontevedrés Atilano Sierra, das FFC) e os quince anos do coruñés Daniel Morán de las Heras e dun Henri (sic) García<sup>101</sup> aparentemente de Cambre, ambos das FFI, o cal dá unha idea do mozos que entraron algúns loitadores na contenda<sup>102</sup>.

---

100 Máis formalmente, persoas na subserie GR 16 P que, sendo naturais de cada provincia, solicitaron o recoñecemento como parte da Resistencia.

101 Coincide en nome con: Comandante de la 13 Brig. Mixta, 2º Batallón “André Marty” Leg. R-1059. Fol. 2 en <https://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/show/10412370> [11-08-2024] vía Fichero de la Sección Politico-Social en <https://buscar.combatientes.es/resultados/Henri/Garcia/> [11-08-2024]

102 As idades danse en referencia ao inicio do conflito continental só como orientación da madurez dos galegos implicados. Obviamente non quere dicir que fose entón cando comezaron a súa loita en Francia, toda vez que hai un encadeado temporal entre o final da guerra de España e o comezo da IIGM, e a maioría pasaron polo primeiro conflito bélico antes de viviren o segundo.

## 7. Máis combatentes galegos

Fóra da subserie estudada<sup>103</sup> até este punto encontramos os seguintes nomes:

- **Benedicto Blanco Dobarro** (Avión, s. d.-Nantes, 1943). Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. En 1939 estaba xa en Francia, no campo de Argelès-sur-Mer, pasou tamén por Le Vernet (Ariège) e Barcarès.<sup>104</sup> Debeu coincidir en varias etapas da súa traxectoria de loita con Alfredo Gómez, de quen falamos antes. Xunto a el foi fusilado polos nazis despois do xuízo multitudinario contra a Resistencia coñecido como “le procès des 42” e a pé del descansan os seus restos en Nantes.
- **José Calviño Calviño**. Na guerra de España foi detido e enviado á fronte. Pasou ao exército republicano, no cal chegou a ter o rango de capitán. Coa derrota republicana escapou a Francia e participou na Resistencia. Finalmente exiliárase na Arxentina.<sup>105</sup>
- **Manuel Fernández Parada** (Ribeira, 1916-Gusen, Austria, 1942)<sup>106</sup> loitou no exército republicano. A piques de acabar a guerra, escapou de Valencia a Francia. Alistouse na Lexión e combateu contra o exército alemán na II Guerra Mundial. Preso en Moosburg, deportárono a Mauthausen en 1941 e trasladárono a Gusen o mesmo ano, onde morreu con 25 anos, en 1942, de tuberculose.<sup>107</sup>
- **Manuel Figueroa Lires** (Noia, 1901-La Grand-Combe, Francia, 1978): refuxiado coa familia no campo de concentración francés de Argelès, enrolouse voluntariamente no exército francés, foi preso e deportado en 1940, acabando en Mauthausen. Despois da guerra voltou a Francia e traballou de mineiro até se xubilar.

---

103 GR 16 P

104 *Repertorio...*: 71.

105 Fonte: NEV

106 Fonte: *Mémoire des hommes*. Consta no SHD (cote: AC 21 P 449 623).

107 Fonte: NEV

- **Arturo González Bastos**<sup>108, 109</sup> (Lavadores, Vigo, 1910-Hambourg-Neuengamme, Alemanha, 1945)<sup>110</sup>: por participar na Resistência francesa foi detido em 1944 e no mesmo ano deportado aos campos de Natzweiler Struthof, Dachau e Neuengamme. Nun subcampo deste último, chamado Meppen-Dalum, morreu com 34 anos, em 1945.<sup>111</sup>



Centre d'Histoire de la Résistance et de la Déportation en Ariège (Varillhes, Francia). Equipamento das tropas alemás. Imaxe 5, a superior: sacas postais, casco, cámara de fotos, fusil Mauser. Imaxe 6, a inferior: baioneta, cartucheira, mapa, máscara de gas e contador desta. Fotos do autor.

- **Máximo Ingilde Maceiras**<sup>112</sup>, alias Bayeto<sup>113</sup> (Olveiroa, Dumbria, 1906-Rimont, Francia, 1944). Membro do Batallón de Milicias Populares Gallegas durante a Guerra Civil. Como mínimo a partir de 1939 coincidiu

108 Pérez Pena, 2020.

109 Fonte: *Mémoire des hommes*. Consta no SHD (cote: AC 21 P 457 302).

110 Vid <https://banc.memoria.gencat.cat/ca/results/deportats/3534> [27-06-2024]

111 A súa familia adheriuse en 2020 á querela xudicial aberta en 2010 pola xuíza argentina María Servini para perseguir os crimes do franquismo.

112 Serrano, 2005: 453 escribe os apelidos como Hingulde Maseira, como tamén Balent, 2020.

113 Balent, 2020.

en épocas e periplo por campos de encerramento (Argelès, Le Vernet, Barcarès)<sup>114</sup> con Benedicto Blanco, ex camarada das milicias galegas que mencionabamos antes. En Francia, Máximo Ingilde foi despois combatente na AGE (Agrupación de Guerrilleros Españoles). Cara o final do conflito bélico, en 1944, unha columna nazi arrasara a vila de Rimont (asasinatos, violacións, secuestros, saqueo, queima de casas)<sup>115</sup> e tiña por obxectivo principal tomar Foix, a trinta quilómetros, ameazando con repetir a barbarie. No camiño entre ambas localidades a Resistencia estaba en clara inferioridade numérica e material respecto do brutal invasor. Ingilde situouse en solitario<sup>116</sup> cunha ametralladora nun barracón da aldea de Micassou<sup>117</sup>, posición privilexiada sobre a estrada<sup>118</sup> para acribillar o inimigo (tropas alemás con españois da antiga División Azul e con soldados asiáticos), conténdoo canto lle foi posible. A heróica acción custoulle a vida ao galego mais grazas ao seu sacrificio púidose gañar o tempo preciso para reorganizar as forzas até derrotaren os fascistas, que sufrirían 150 baixas e 1.200 prisioneiros. Os españois, recibidos como heroes ao chegar a Foix, entraron na vila custodiando os apresados. Ingilde foi recoñecido a título póstumo polo goberno francés coa Cruz de guerra con palma<sup>119</sup> e o seu nome é o primeiro nun monolito en Castelnau-Durban que rende tributo a nove guerrilleiros españois mortos en combate contra a ocupación alemá,<sup>120</sup> parte da trintena de compatriotas que deron a vida<sup>121</sup> para a liberación do departamento do Ariège.

114 *Repertorio...*: 271.

115 Serrano, 2005: 452.

116 *La Voz de Galicia*, 12/11/2006.

117 Situada arredor das coordenadas 42.99255, 1.30663 segundo <https://www.gralon.net/plan-ville/planr-lieu-dit-micassou-rimont-157116.htm> [11-08-2024]

118 Antiga RN 117, actual RD 117. Balent, 2020.

119 Sánchez Agustí, 2011: 26.

120 A placa reza “Hommage à la mémoire des guerrilleros espagnols morts au combat contra l’armée d’occupation et pour la liberation de la France: Máximo Hingilde, José Casariego, Juan Nieto, Mariano Calles, Juan Benedito, Pedro Solar, José Fernández, Juan Núñez, Manuel Redondo.” Vid <https://maitron.fr/spip.php?article232021> [11-08-2024] O monumento está nas coordenadas 42.999348334272874, 1.3378724245430018 e a súa localización pódese ver neste mapa <https://www.openstreetmap.org/search?lat=42.99934&lon=1.33788#map=19/42.99934/1.33788> [11-08-2024]

121 Sánchez Agustí, 2011: 26.



Centre d'Histoire de la Résistance et de la Déportation en Ariège (Varilhes, Francia). Mostra dun dos detalladísimos mapas que traían consigo as tropas nazis ao invadir Francia, neste caso é un fragmento cartográfico da rexión de Foix, onde se atopa Rimont. O autor tomou a foto e nela sinalou cun círculo esta última localidade.

- **Ramón Lamela Marcote** (Fisterra, 1914-Gusen, Austria, 1942)<sup>122</sup>: un dos múltiples fisterráns que deixaron o exército rebelde en favor da España leal. Desertou das filas sublevadas para loitar pola República, traballou para os franceses nos campos de concentración destes, tomou as armas contra os nazis e foi arrestado e deportado aos campos de prisioneiros alemáns, onde acabou morrendo<sup>123</sup> con só 28 anos. O seu periplo de privación de liberdade foi Argelès-sur-Mer (1939), Krems-Gneixendorf, Mauthausen (1941), Gusen (1941).<sup>124</sup>
- **Manuel Otero Martínez** (Outes, 1916-Omaha Beach, Francia, 1944): un dos dous galegos do exército estadounidense vinculados con Normandía de quen sabemos até a data. Combateu pola II República contra o golpe

122 Fonte: *Mémoire des hommes*. Consta no SHD (cote: AC 21 P 472 149).

123 Lamela García, 1995: 282.

124 Consta tamén en NEV.

fascista. Exiliouse nos EEUU, alistouse voluntario e morreu combatendo no desembarco do Día D.<sup>125</sup>

- **Andrés ou Andrew Pereiro García** (Xoez, Mera, 1923-La Trinité, Brest, Francia, 1944): o outro galego-estadounidense en Normandía. Seu pai era emigrante en Nova York. Cando comezou a guerra en España, reclamou a familia (a esposa e os dous fillos: Andrés e Juan) para alá. Andrés tiña só quince anos cando chegou a EEUU. Aprendeu inglés axiña e estudou estenografía. Chamárono a filas pola II Guerra Mundial e desembarcou o Día D. Saíu vivo da masacre de soldados americanos nos areais mais morreu nun combate uns meses despois, cando tiña vinte anos. Foi recoñecido a título póstumo, condecorado co Corazón púrpura. Está enterrado nun cemiterio americano na Bretaña.<sup>126</sup>



Cariño López condecorado coa Cruz de guerra con palma.

<sup>125</sup> *Historia de Galicia*, 2018.

<sup>126</sup> Villar, 2019.

- **Ángel Rodríguez Leira**<sup>127</sup>, coñecido como Cariño López<sup>128, 129</sup> (A Pedra<sup>130</sup>, Cariño, 1914-París, 1979<sup>131</sup>): percebeiro e mariñeiro militante na CNT, estaba casado, tiña unha filla e a súa muller esperaba un segundo fillo que nacería cando el xa fora chamado a filas. Desertou para unirse ao exército da República. Á conclusión da Guerra Civil fuxiu desde Alacante nunha pequena embarcación con outros republicanos até as costas norteafricanas. Obrigado a enrolarse na Lexión despois dun intento de fuga dun campo de concentración, acabou sumándose a La Nueve en 1943. Destácao nas súas memorias Raymond Dronne polas cualidades en batalla do sangue frío e da perseverancia.<sup>132</sup> A súa semioruga era a bautizada Guernica e estaba considerado o mellor tirador co canón antitanque de 57 mm. Non se separou del durante 24 horas durante a batalla de Ecouché, chegando a rebentar cinco vehículos alemáns. Cariño López chegaría a participar no asalto á residencia de Hitler en 1945. Acabou o conflito bélico ostentando o rango de cabo maior<sup>133</sup> e foi condecorado coa Cruz de guerra con palma. Quedou a vivir en Francia, casou de novo e tivo dous fillos. Nunca voltou a Galiza.

## 8. Outros nomes

Son numerosos os nomes galegos adicionais vinculados dalgún xeito á Resistencia: o cariniés Antonio Yáñez Quiza, coñecido como G(h)arepo, membro da Nueve<sup>134</sup> morto en combate en Vaqueville en setembro de 1944; o seu paisano José Mariño, auxiliar da compañía que se ocupaba das armas capturadas ao ini-

---

127 Losada, 2019.

128 Mesquida, 2008: 115.

129 Fernández, 2019 tamén indica para el o alcume Sanroque.

130 Fernández, 2019.

131 [s. n.], 2015 i. e. o artigo da filla de Cariño López no portal da Association 24 Août 1944 - La Nueve.

132 Dronne, 1984: 258.

133 Caporal-chef.

134 Fernández, 2019.

migo<sup>135</sup>; o mariñeiro de Boiro José Romero<sup>136</sup>, guerrilleiro antinazi en Francia até 1945 e afincado na Arxentina desde 1950; o betanceiro Antonio Casanova (1898-1966), director en París do *Solidaridad obrera*; Luis Chamorro, activo sindicalmente na Coruña e Arxentina; José Fernando Fernández Vázquez<sup>137</sup>, alias comandante Sotomayor<sup>138</sup> (1904-1986); Amador Martínez Fernández (1914-2007), ferroviario e guerrilleiro en España e Francia; Beremundo Rodríguez González (1910-1986), sindicalista e instrutor militar. Os anteriores, salvo Mariño (descoñecemos adscripción), e os tres últimos (comunistas), eran anarquistas.<sup>139</sup>

Sábese de contactos da guerrilla operativa entre A Limia e A Mezquita co Deuxième Bureau<sup>140</sup>, a axencia de intelixencia militar exterior de Francia, operativa até o país se render á Alemaña nazi en 1940. Como intermediarios actuaron Felicísimo Pérez Ortega, Ramón de Valenzuela, Benigno Lameira e máis antigos guerrilleiros exiliados en terras galas.

Outros galegos a quen se ten atribuído actividade resistente que particularmente aínda non temos documentada inclúen Teófilo Caamaño Caamaño<sup>141</sup>, Albino González González<sup>142</sup>, Francisco Pena Romero<sup>143</sup>, Luis Rodríguez Villar<sup>144</sup> (Luís da Rogita) e:

135 Só unha fonte parece falar del: Fernández, Juan José, 2019.

136 En NEV de Boiro aparece un José María Romero Calo.

137 Núñez Seixas, 2001 refire un comunista da Pobra do Caramiñal, José Fernández Vázquez “O Noé”, entre os deportados a campos de exterminios após seren apreixados pola Xestapo como colaboradores dos maquis. Non obstante, cos mesmos alcume e apelidos mais de nome diferente (Balbino) aparece en NEV un fuxido, posteriormente xulgado en Santiago por rebelión, sentenciado a vinte anos de prisión.

138 Vid [https://gl.wikipedia.org/wiki/Jos%C3%A9\\_Fernando\\_Fern%C3%A1ndez\\_V%C3%A1zquez](https://gl.wikipedia.org/wiki/Jos%C3%A9_Fernando_Fern%C3%A1ndez_V%C3%A1zquez) [27-06-2024]

139 Os cinco últimos están referidos en *Repertorio...*

140 Fernández e Pereira, 2023: 119.

141 Vid [https://gl.wikipedia.org/wiki/Te%C3%B3filo\\_Caama%C3%B1o](https://gl.wikipedia.org/wiki/Te%C3%B3filo_Caama%C3%B1o) [21-06-2024]

142 Vid [https://gl.wikipedia.org/wiki/Albino\\_Gonz%C3%A1lez](https://gl.wikipedia.org/wiki/Albino_Gonz%C3%A1lez) [21-06-2024]

143 Vid [https://gl.wikipedia.org/wiki/Francisco\\_Pena\\_Romero](https://gl.wikipedia.org/wiki/Francisco_Pena_Romero) [21-06-2024]

144 Vid [https://gl.wikipedia.org/wiki/Lu%C3%ADs\\_Rodr%C3%ADguez\\_Villar](https://gl.wikipedia.org/wiki/Lu%C3%ADs_Rodr%C3%ADguez_Villar) [21-06-2024]

- **Francisco Cortés<sup>145</sup> Martínez** (Calvos de Randín<sup>146</sup>, 1903<sup>147</sup>-Vigo, 1987) estudou na Escuela Superior de Veterinaria de Madrid. Militante político, loitou no exército republicano durante a Guerra Civil, estivo destinado a labores de intelixencia en Madrid, na 124 Compañía de Asalto, no Cuerpo de Investigación y Vigilancia. Ao acabar a guerra marchou coa familia a Francia e acabou no campo de concentración de Argelès. Detivérono na localidade francesa de Tours en 1943, a súa familia sospeita que por colaborar coa Resistencia. Deportárono en 1944 a Buchenwald. Ao ter noticias de que as SS matarían os presos antes da liberación do campo, fúgouse con outros prisioneiros. Non obstante, cos tímpanos rebentados e doenza pulmonar, a súa saúde ficaría gravemente afectada polos malos tratos sufridos alí.<sup>148</sup> Despois da II Guerra Mundial viviu un tempo entre París e Burdeos. Na década dos 50 conseguiu voltar a España co apoio dun familiar franquista. Traballou en Xixón até 1970, cando marchou a pé das súas irmás a Vigo, onde pasaría o resto da súa vida.<sup>149</sup>

## 9. Conclusións

Neste artigo repasamos todos os galegos de quen temos noticia na Resistencia francesa nas múltiples formas que esta tomou (FFI, DIR, RIF, FFC, FFL, Lexión estranxeira, División Leclerc / La Nueve, AGE, etc.). Vimos Ferrol, A Coruña e outras localidades e bisbarras galegas destacaren polo nivel de castigo executado nelas pola represión fascista, maiormente dirixida contra poboación civil. Observamos un paralelismo por canto desas mesmas coordenadas

---

145 En NEV aparece un Francisco Cortez natural de Ourense que foi preso nos campos de Compiègne e Buchenwald. Vid tamén <https://banc.memoria.gencat.cat/es/results/deportats/8403> [11-08-2024] que cita unha fonte segundo a cal el era coñecido polo apelido Cortez en vez de Cortés.

146 Vid <https://banc.memoria.gencat.cat/es/results/deportats/8403> [11-08-2024] que polo contrario indica Ourense como lugar de nacemento.

147 Novoa González, 2020 indica 1913 en vez de 1903.

148 Pérez Pena, 2020.

149 A súa familia adheriuse en 2020 á querela xudicial aberta en 2010 pola xuíza arxentina María Servini para perseguir os crimes do franquismo.

xeográficas procedían os loitadores galegos contra os nazis. Ideoloxicamente viñan de organizacións anarquistas, caso da CNT, ou comunistas, caso do PCE, e víronse involucrados na Guerra Civil española antes de tomaren as armas en Francia. Campos de concentración ou exterminio como Mauthausen, Dachau, Gusen ou Buchenwald, sen esquecer o tamén infausto Argelès-sur-Mer, foron escenario do sufrimento e sacrificio de moitos, recollido por especialistas que citamos na bibliografía e mais por múltiples museos entre os que está o Centre d'Histoire de la Résistance et de la Déportation en Ariège (Varilhes, Francia). Os nomes e as traxectorias de Cariño López, Víctor Lantes, Alfredo Gómez Ollero, Felipe Noguerol, Máximo Ingilde, Manuel Fernández Arias e tantos outros quedan para os rexistros dunha historia que aínda merece ulterior estudo e coñecemento, en canto os recoñecementos, cando se deron, foron na terra onde acabaron combatendo en moita maior medida que naquela que os viu nacer.

## 10. Lista de combatentes en destaque neste artigo

Estas son as 29 as persoas estudadas neste texto a quen as fontes citadas atribúen expresamente participación na Resistencia:

Luis **Abella** Beade

Jean **Arias**

Filomena **Biencinto** Naya

Benedicto **Blanco** Dobarro

Hipólito **Bustamante** Leal

José **Calviño** Calviño

Benigno **Castro** Gandoy

Manuel **Castro** Rodríguez

Miguel **Chapel** Salgueiro

Julio **Domínguez** Rodríguez

Fernando **Eiroa** Mosquera

Manuel **Fernández** Parada

Salvador **Ferro** Franco

Manuel **Figueroa** Lires

Ramón **Garrido** Vidal

Alfredo **Gómez** Ollero

Arturo **González** Bastos

Máximo **Ingilde** Maceiras

Ramón **Lamela** Marcote

Víctor Manuel **Lantes** Vedruné

José **Leiro** Cagiao

Felipe **Noguerol** Otero

Manuel **Otero** Martínez

Enrique **Oubiña** Fernández

Andrés **Pereiro** García

Antonio **Pérez**

Dolores **Pérez-Tilkin**

Ángel **Rodríguez** Leira

Antonio **Serrano** López

## SIGLAS E ABREVIATURAS

|         |                                             |
|---------|---------------------------------------------|
| AGE     | Agrupación de Guerrilleros Españoles        |
| CNT     | Confederación Nacional del Trabajo          |
| DIR     | Déportés Internés de la Résistance          |
| FAI     | Federación Anarquista Ibérica               |
| FFC     | Forces Françaises Combattantes              |
| FFI     | Forces Françaises de l'Intérieur            |
| FFL     | Forces Françaises Libres                    |
| FTP     | Francs-tireurs et partisans français        |
| íd.     | ídem                                        |
| JO      | Journal officiel de la République française |
| n.      | nacido/a en                                 |
| NEV     | Nomes e voces                               |
| PCE     | Partido Comunista de España                 |
| Prov.   | Provincia                                   |
| RIF     | Résistance Intérieure Française             |
| [s. d.] | Sen data coñecida                           |
| [s. l.] | Sen lugar coñecido                          |
| [s. n.] | Sen nome coñecido                           |
| SHD     | Service historique de la Défense            |

## FONTES

### Monografías

ALTED, Alicia (2005). *La voz de los vencidos: El exilio republicano de 1939*. Aguilar, Madrid.

BARRERA BEITIA, Enrique e GONZÁLEZ MAURIZ, Bruno; coordinadores (2007). *Retallos da memoria*. Asociación Memoria Histórica Democrática. Equona, Narón.

CATALÀ I PALLEJÀ, Neus (2000). *De la Resistencia y la deportación : 50 testimonios de mujeres españolas*. Península, Barcelona<sup>150</sup>.

DRONNE, Raymond (1984). *Carnets de route d'un croisé de la France libre*. Éditions France-Empire, París.

FERNÁNDEZ, Eliseo e PEREIRA, Dionísio (2023). *A primeira resistencia armada ao golpe militar en Galiza (1936-1940)*. 2ª ed. Compañha, Santiago de Compostela<sup>151</sup>.

HURTADO MORÁN, Marina (2020). *Les femmes espagnoles dans la Résistance française : Engagements et homologations des femmes nées en Espagne*. Université Paris 1 Panthéon-Sorbonne, París<sup>152</sup>.

LAMELA GARCÍA, Luis (1995). *Crónica de una represión en la «Costa da Morte»* Ediciós do Castro, Sada (A Coruña).

LAMELA, Luis (2023). *A loita dos perdedores: Razón e xénese da guerrilla antifranquista en Galiza*. Laiovento, Santiago de Compostela.

---

150 A primeira edición deste libro foi publicada por Adgena, Barcelona, 1984.

151 A 1ª edición data de 2022.

152 Vid <http://acer-aver.com/wp-content/uploads/2022/06/MEMOIRE-M2-Marina-Hurta-do-Moran-2.pdf> [20-06-2024]

MARQUARDT, Alberto (2009). *La Nueve ou les Oubliés de la victoire*. France Télévisions / Point du Jour, Francia.

MESQUIDA, Evelyn (2008). *La Nueve: Los españoles que liberaron París*. Ediciones B, Barcelona.

OSENDE BARALLOBRE, Antonio (2016). *Manuel Otero Martínez: Un gallego en Omaha Beach*. Arenas Publicaciones, A Coruña.

SÁNCHEZ AGUSTÍ, Ferran (2011). *Maquis en el Alto Aragón: La guerrilla en los Pirineos Centrales (1944-1949)*. Editorial Milenio, Lleida.

SANZ, Miguel Ángel (1981). *Luchando en tierras de Francia: La participación de los españoles en la Resistencia*. Ediciones de la Torre, Madrid.

SERRANO, Secundino (2005). *La última gesta: Los republicanos que vencieron a Hitler (1939-1945)*. Aguilar, Madrid.

### Artigos e reportaxes

BALENT, André (2020)<sup>153</sup>. «Hingilde Maseira Màximo alias Bayeto».

DUPUY, Rolf (2006-2023)<sup>154</sup>. «Abella Beade, Luis».<sup>155</sup>

DUPUY, Rolf (2007-2023)<sup>156</sup>. «Castro Rodríguez, Manuel; El Gallego; Castro»<sup>157</sup>.

---

153 Vid <https://maitron.fr/spip.php?article231309> [11-08-2024] Aporta fontes arquivísticas e bibliografía.

154 Conxectura nosa; asinado como R. D.

155 Vid <https://losdelasierra.info/spip.php?article108> [20-06-2024]

156 Conxectura nosa; asinado como R. D.

157 Vid <https://losdelasierra.info/spip.php?article1551> [21-06-2024]

FERNÁNDEZ, Eliseo (2019). «Os galegos na liberación de París», *Nós Diario*, Santiago de Compostela<sup>158</sup>.

FERNÁNDEZ, Juan José (2019). «Los españoles que lucharon contra Hitler no son héroes en su tierra», *El Periódico*, L'Hospitalet de Llobregat<sup>159</sup>.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo [s. d.]. «Abella Beade, Luis»<sup>160</sup>.

GARRIDO FERNÁNDEZ, Alba e LOZANO GONZÁLEZ, Carlos (2021). «Os deportados galegos nos campos de concentración da Alemaña nazi (1940-1945): o caso da comarca de Betanzos», *Anuario Brigantino* 44, pp. 307-320. Concello de Betanzos.

GARRIDO VIDAL, Ramón (1945). «Diario de los últimos días en Dachau». Manuscrito<sup>161</sup>.

GASPAR CELAYA, Diego (2019). «Au combat sans armes»<sup>162</sup>, *Cahiers d'histoire. Revue d'histoire critique* 141, pp. 37-55. París.

LÓPEZ, A. R. e NOIA, S.; coordinación (2006). «Alfredo Gómez Ollero: a memoria galega no Proceso dos 42», *Revista das Letras* n.º 608, *Galicia Hoxe*, Santiago de Compostela.<sup>163</sup>

LOSADA, Arturo (2019). «Os galegos que venceron aos nazis», *Luzes*, A Coruña.<sup>164</sup>

---

158 Vid <https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/os-galegos/20190828154647083457.html> [21-06-2024]

159 Vid <https://www.elperiodico.com/es/politica/20190831/heroes-olvidados-republicanos-exiliados-espanoles-segunda-guerra-mundial-hitler-7614382> [28-06-2024]

160 Vid [https://www.nodo50.org/historia\\_social/Letras/aLuisAbella.html](https://www.nodo50.org/historia_social/Letras/aLuisAbella.html) [20-06-2024]

161 Vid [http://bteysses.free.fr/espagne/garrido\\_liberation\\_espagnol.htm](http://bteysses.free.fr/espagne/garrido_liberation_espagnol.htm) [21-06-2024]

162 Vid <https://doi.org/10.4000/chrhc.9721> [16-06-2024]

163 Vid [https://www.aelg.gal/resources/publications/2006\\_03.pdf](https://www.aelg.gal/resources/publications/2006_03.pdf) [30-06-2024]

164 Vid <https://luzes.gal/20/03/2019/seccions-da-revista-luzes/reportaxes/os-galegos-que-venceron-aos-nazis/> [20-06-2024]

NEGRETE, Carmela (2021). «Alemania recuerda a los “españoles rojos” y su trabajo esclavo durante el nazismo», *El Salto*, Madrid<sup>165</sup>.

NÈVES, Corinne (2017). «Saint-Maurice honore la résistante Dolorès Tilkin»<sup>166</sup>, *Le Parisien*, París.

NOVOA GONZÁLEZ, Raúl (2020). «Crimes impunes: os galegos no holocausto e a responsabilidade franquista», *El Salto*, Madrid<sup>167</sup>.

NUEVO CAL, Carlos (2024). «A azarosa vida de Salvador Ferro Franco. Da Guerra Civil aos campos nazis (1936-1945)», *Viveiro*<sup>168</sup>.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2001). «Itinerarios exiliados: sobre a especificidade do exilio galego de 1936» en *Actas do Congreso Internacional “O exilio galego”* Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, pp. 17-69.

PÉREZ PENA, Marcos (2020). «Las familias de 20 gallegos enviados a los campos nazis se unen a la querella argentina contra el franquismo», *ElDiario.es*, Madrid<sup>169</sup>.

RODRÍGUEZ, Nuria (2020). «Nos campos de Hitler. Notas biográficas de 5 deportados da comarca de Celanova», *Comité de Memoria Histórica da Comarca de Celanova*, Celanova<sup>170</sup>.

---

165 Vid <https://osalto.gal/memoria-historica/alemania-da-lecciones-de-memoria-a-francia> [20-06-2024] Vid tamén [https://web.archive.org/web/20240000000000\\*/https://rotspanier.net/exposicion](https://web.archive.org/web/20240000000000*/https://rotspanier.net/exposicion) [Almacenado do orixinal, consulta 20-06-2024]

166 Vid <https://www.leparisien.fr/val-de-marne-94/saint-maurice-94410/saint-maurice-honore-la-resistante-dolores-tilkin-10-11-2017-7385154.php> [13-06-2024]

167 Vid <https://www.elsaltodiario.com/memoria-historica/crimes-impunes-galegos-holocausto-responsabilidade-franquista> [27-06-2024]

168 Vid <https://viveirocronista.blogspot.com/2024/01/salvador-ferro-franco-1913-1997-azarosa.html> [21-06-2024]

169 Vid [https://www.eldiario.es/galicia/familias-gallegos-enviados-argentina-franquismo\\_1\\_1062722.html](https://www.eldiario.es/galicia/familias-gallegos-enviados-argentina-franquismo_1_1062722.html) [27-06-2024]

170 Vid <https://memoriacelanova.fala.gal/2020/12/30/nos-campos-de-hitler-notas-biograficas-de-5-deportados-da-comarca-de-celanova/> [27-06-2024]

[s. n.] (2015) «Cariño Lopez par sa fille Mar y Luz» (sic)<sup>171</sup>.

[s. n.] (1987) «Dolorès, femme de la Résistance»<sup>172</sup>, *Le Courrier de l'Ouest*, Angers.

[s. n.] (2006) «Dumbria recordará a los héroes muertos por la libertad con una calle y una plaza», *La Voz de Galicia*, A Coruña<sup>173</sup>.

[s. n.] (2006) «Dumbria rememorará con una plaza lo más destacado de su historia», *El Correo Gallego*, Santiago de Compostela<sup>174</sup>.

[s. n.] (2006) «Dumbria rinde homenaje a su héroe Máximo Ingilde», *La Voz de Galicia*, A Coruña<sup>175</sup>.

[s. n.] (2018) «Manuel Otero, o galego que morreu no Día D en Normandía», *Historia de Galicia*<sup>176</sup>.

[s. n.] [s. d.] «Milicias Gallegas»<sup>177</sup>.

SERRANO ESPARZA, José Manuel (2017). «The Gardens of the Combatants of La Nueve Inaugurated: Madrid City Council Pays Homage to Their Brave Deeds»<sup>178</sup>.

---

171 Vid <https://www.24-aout-1944.org/Carino-Lopez-par-sa-fille-Mar-y/> [27-06-2024] Non consta o nome completo dela, a quen pola súa parte Serrano Esparza alude como “Maryluz Cariño”.

172 Vid <https://servimg.com/view/11195021/10320> ligado xunto con outros documentos a partir de <https://maquisardsdefrance.jeun.fr/t11878-dolores-tilkin-perez-35eme-brigade-marcel-langer> [13-06-2024]

173 Vid [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2006/11/12/dumbria-recordara-heroes-muertos-libertad-calle-plaza/0003\\_5279062.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2006/11/12/dumbria-recordara-heroes-muertos-libertad-calle-plaza/0003_5279062.htm) [30-06-2024]

174 Vid <https://www.elcorreogallego.es/hemeroteca/dumbr-rememorar-plaza-m-s-destacado-historia-EFCG104167> [30-06-2024]

175 Vid [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2006/11/10/dumbria-rinde-homenaje-heroe-maximo-ingilde/0003\\_5273848.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2006/11/10/dumbria-rinde-homenaje-heroe-maximo-ingilde/0003_5273848.htm) [30-06-2024]

176 Vid <http://historiadeg Galicia.gal/2018/06/manuel-otero-o-galego-que-morreu-no-dia-d/> [30-06-2024]

177 Vid <https://www.combatientes.es/MiliciasGallegas.htm> [27-06-2024]

178 Vid <https://elrectanguloenlamano.blogspot.com/2017/04/the-gardens-of-combatants-of-la-nueve.html> [27-06-2024]

VILLAR, Marta (2019). «El oleirense que murió en Normandía», *La Opinión*, A Coruña<sup>179</sup>.

## ÍNDICES E PORTAIS

*Banc de la Memòria Democràtica*. Generalitat de Catalunya<sup>180</sup>.

*Diario oficial del Ministerio de Defensa Nacional*<sup>181</sup>.

Fondation de la Résistance<sup>182</sup>.

*Los de la sierra. 1936-1975: Dictionnaire des guerrilleros et résistants antifranquistes*<sup>183</sup>.

*Mémoire des hommes : Portail culturel du Ministère des Armées*<sup>184</sup>.

*Nomes e voces*. Universidade de Santiago de Compostela<sup>185</sup>.

*Office of the Historian*. Foreign Service Institute, United States Department of State<sup>186</sup>.

*Repertorio biobibliográfico do exilio galego*. Consello da Cultura Galega<sup>187</sup>.

---

179 Vid <https://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2019/09/28/oleirense-murio-normandia-23691979.html> [30-06-2024]

180 Páxina principal <https://banc.memoria.gencat.cat> [20-06-2024]

181 Páxina principal <https://bibliotecavirtual.defensa.gob.es/BVMDefensa/es/consulta/registro.do?id=1322> [01-07-2024]

182 Páxina principal <https://www.fondationresistance.org> [20-06-2024]

183 Páxina principal <https://losdelasierra.info> [20-06-2024]

184 Páxina principal <https://www.memoiredeshommes.sga.defense.gouv.fr> [27-06-2024]

185 Páxina principal <https://nomesevoc.es> [20-06-2024]

186 Páxina principal <https://history.state.gov> [22-06-2024]

187 Vid [https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2001\\_O-exilio-galego-Repertorio-bibliografico-unha-primeira-achega-Congreso-Internacional-o-Exilio-Galego-do-24-o-29-de-setembro-de-2001.pdf](https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2001_O-exilio-galego-Repertorio-bibliografico-unha-primeira-achega-Congreso-Internacional-o-Exilio-Galego-do-24-o-29-de-setembro-de-2001.pdf) [28-06-2024]

Service historique de la Défense. Gouvernement de la République française<sup>188</sup>.

*Wikipedia*<sup>189</sup>.

### **Agradecementos**

Bruno Manuguerra, responsable do Centre d'Histoire de la Résistance et de la Déportation en Ariège<sup>190</sup> (Varilhes, Francia).

Office de Tourisme (Foix, Francia).

---

188 Páxina principal <https://www.servicehistorique.sga.defense.gouv.fr> [20-06-2024]

189 Páxina principal <https://gl.wikipedia.org> [21-06-2024]

190 Páxina principal <https://www.resistance-ariège.fr> [02-09-2024]